



## ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR 2022

### CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 30 de setembro) realizarase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O Director ou directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un alumno/a a partir de 1º ciclo de Secundaria.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os compoñentes desta Xunta electoral serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o **Mércores 2 de novembro ás 11.15 horas na biblioteca do centro.**

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Narón a 25 de outubro de 2022

A DIRECTORA